



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



Con data do 04/12/2023 pola Alcaldía procedeuse a ditar a resolución 323/2023 de aprobación da oferta de emprego público do 2023 co seguinte contido:

### “DECRETO DA ALCALDÍA:

Logo de ver a aprobación do Oramento Municipal do Concello de Cerdido para 2023 aprobado en sesión plenaria de 29/03/2023, sendo definitivamente aprobado en sesión plenaria celebrada o día 26/05/2023 que recolle o cadro de persoal para o ano 2023 onde figura dotada economicamente no orzamento unha praza de funcionario administrativo/tesoureiro.

Logo de ver a plantilla e a relación de postos de traballo do Concello, nas que figura recollida unha praza de funcionario de carreira de Administrativo/Tesoureiro (Grupo C1-nivel 22) constando coma vacante na plantilla.

Logo de ver o informe asinado pola secretaria-interventora do Concello en data 04/12/2023.

Facendo uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

### RESOLVO

**Primeiro:** Aprobar a Oferta de Emprego Público para este Concello para o ano 2023, que contén os seguintes postos de traballo:

Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Nivel	Num vacante
Administrativo/Tesoureiro	C1	Administración	Administrativa	22	1

**Segundo:** Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios da Corporación, así coma na sede electrónica deste Concello e no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma correspondente.

Asinado dixitalmente polo alcalde Alberto Rey Paz, do que eu coma Secretaria-interventora do Concello dou fe.”

Cerdido, 5 de decembro de 2023  
O Alcalde  
Alberto Javier Rey Paz